

Edición xeral

FALLO

Baldo Ramos gaña o Fiz Vergara Vilariño de poesía

O xurado sinala que a obra, presentada baixo o lema 'Palabras para un baleiro', é unha reflexión sobre o sentido da poesía.

Redacción - 17:00 14/03/2009

O poeta [Baldo Ramos](#) vén de gañar o [IX Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño](#). Cun libro que leva por lema 'Palabras para un baleiro', o autor consegue un dos galardóns poéticos máis importantes do país, que está dotado con seis mil euros e a publicación da obra.

O xurado, composto por [Xosé Antón Neira Cruz](#), [Lucía Aldao](#), [Pilar Pallarés](#), Xermán Arias e María Casar, sinalou no fallo que “neste libro atopamos unha reflexión profunda sobre o sentido da poesía como canle para entender a vida, para interpretar vivencias inefábles. Un achegamento existencialista, case filosófico, na procura dunha expresión alén da propia poesía. Unha poesía esencializada con moito sentido do ritmo.”